

Indicadores demográficos

METODOLOXÍA

Os indicadores demográficos pretenden proporcionar unha información necesaria para o estudo da estrutura, composición e evolución da poboación así como permitir realizar comparacións tanto temporais como entre distintos ámbitos xeográficos.

1. Obxectivos e utilidades

O obxectivo principal desta estatística é definir, elaborar e manter un sistema de indicadores demográficos que ofrezca unha imaxe de síntese da situación demográfica galega nos distintos ámbitos territoriais.

2. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de estudo é a poboación residente en Galicia, os nacementos de nais residentes en Galicia, os falecidos residentes en Galicia e os matrimonios que fixan a súa residencia en Galicia.

Ámbito territorial

O ámbito xeográfico da estatística é a Comunidade Autónoma de Galicia e proporciónase información para distintos niveis xeográficos: total de Galicia, provincias, comarcas e concellos.

Ámbito temporal

A periodicidade da estatística é anual.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

A información correspondente á estrutura e composición da poboación obtense a partir da Revisión padroal do ano de referencia da estatística.

Os indicadores de fecundidade, mortalidade e nupcialidade elabóranse a partir dos datos do Movemento natural da poboación do ano de referencia e do ano anterior. Considéranse como nacementos, defuncións e matrimonios a semisuma dos eventos dos dous anos.

Definicións

3.1 Estructura da poboación

Idade media da poboación: media aritmética das idades dos individuos que compoñen unha poboación.

$$\bar{X} = \sum (x + 0,5) * P_{(x,x+1)} / \sum P_{(x,x+1)}$$

Índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos.

$$I_e = (P_{>64} / P_{<20}) * 100$$

Índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos.

$$I_{se} = (P_{>84} / P_{>64}) * 100$$

Índice de recambio da poboación activa: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 20 e 24 anos. Mide a capacidade dunha poboación para substituí-los individuos que se van xubilando.

$$I_{rpa} = (P_{60-64}) / (P_{20-24}) * 100$$

Índice de dependencia global: relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes e o grupo de poboación potencialmente activa.

$$I_{dg} = ((P_{<20} + P_{>64}) / P_{20-64}) * 100$$

Índice de dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova e a poboación potencialmente activa.

$$I_{dx} = (P_{<20}) / (P_{20-64}) * 100$$

Índice de dependencia senil: relación entre a poboación maior e a poboación potencialmente activa.

$$I_{ds} = (P_{>64}) / (P_{20-64}) * 100$$

3.2 Fecundidade

Taxa bruta de natalidade: número de nacementos por cada 1.000 habitantes.

$$TBN = (N / P) * 1000$$

Taxa xeral de fecundidade: número de nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil.

$$TXF = (N / Pf_{15-49}) * 1000$$

Taxas específicas de fecundidade: cociente entre o número de nacementos dunha determinada cohorte de nais e o total de mulleres nese grupo de idade.

$$f_{x,x+1} = (N_{x,x+1} / Pf_{x,x+1}) * 1000$$

Idade media á maternidade: media aritmética das idades ás que as mulleres teñen fillos, ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada grupo de idade.

$$IMM = \sum (x + \frac{1}{2}) * f_{x,x+1} / \sum f_{x,x+1}$$

Índice sintético de fecundidade ou **número medio de fillos por muller:** representa o número esperado de fillos por muller ó longo da súa vida fértil. Obtense como suma das taxas específicas de fecundidade por idade.

$$ISF = \sum f_{x,x+1}$$

Relación de masculinidade ó nacemento: cociente entre o número de nenos e de nenas nados durante un ano.

$$RMN = N_m / N_f * 100$$

Taxa bruta de reprodución: número medio de fillas que tería unha muller en ausencia de mortalidade ó longo da súa vida.

$$TBR = ISF * (N_f / N)$$

Porcentaxe de nacementos de nai non casada:

$$\%N_{nc} = (N_{nc} / N) * 100$$

Porcentaxe de nacementos de nai activa:

$$\%N_{act} = (N_{act} / N) * 100$$

3.3 Mortalidade

Taxa bruta de mortalidade: número de defuncións por cada 1.000 habitantes.

$$TBM = (D / P) * 1000$$

Taxas específicas de mortalidade: cociente entre o número de defuncións de persoas dun determinado grupo de idade e a poboación total nese grupo de idade.

$$TEM = (D_{x,x+1} / P_{x,x+1}) * 1000$$

Taxa de mortalidade infantil: defuncións de menores dun ano por cada 1.000 nacidos vivos.

$$TMI = (D_{<1ano} / N) * 1000$$

Taxa de mortalidade perinatal: defuncións de nenos de menos de 28 días (incluíndo as mortes fetais tardías) por cada 1.000 nacementos (nacidos vivos máis mortes fetais tardías).

$$TMP = (D_{<28días} + MFT) / (N + MFT) * 1000$$

Taxa de mortalidade neonatal: defuncións de nenos de menos de 28 días por cada 1.000 nacidos vivos.

$$TMN = (D_{<28días} / N) * 1000$$

Taxa de mortalidade posneonatal: defuncións de nenos de entre 28 e 365 días por cada 1.000 nacidos vivos.

$$TMPN = (D_{28-365\text{días}} / N) * 1000$$

3.4 Nupcialidade

Taxa bruta de nupcialidade: número de matrimonios por cada 1.000 habitantes.

$$TBNup = (M / P) * 1000$$

Taxa xeral de nupcialidade: número de matrimonios por cada 1.000 individuos de 15 ou máis anos.

$$TXNup = (M / P_{>14\text{anos}}) * 1000$$

Taxas específicas de nupcialidade: cociente entre o número de matrimonios dun determinado grupo de idade e a poboación dese grupo de idade.

$$TENup = (M_{x,x+1} / P_{x,x+1}) * 1000$$

Idade media ó primeiro matrimonio: media aritmética das idades ás que os solteiros contraen matrimonio ponderada polas taxas específicas de nupcialidade dos solteiros.

$$IMMat = (\sum \left(x + \frac{1}{2} \right) * S_{x,x+1}) / \sum S_{x,x+1}$$

onde $S_{x,x+1}$ = taxa específica de nupcialidade dos solteiros por idades.

3.5 Crecemento

Taxa de crecemento anual acumulativo

$$r = \left(\sqrt[t]{P_{0+t} / P_0} - 1 \right) * 100$$

sendo P_0 = Poboación ó inicio do período

P_{0+t} = Poboación ó final do período de t anos

Taxa de crecemento natural medio anual

$$rn = \left[\left(\left(\sum_0^t (N - D) \right) / t \right) / ((P_{0+t} + P_0) / 2) \right] * 100$$

Taxa de crecemento migratorio medio anual

$$rm = r - rn$$

Porcentaxe de variación

$$V = (P_{0+t} / P_0) * 100$$

4. Presentación de resultados

O Instituto Galego de Estatística publica anualmente os indicadores demográficos. Ofrécense resultados sobre a estrutura da poboación, a fecundidade, a mortalidade e a nupcialidade.

Na páxina web do IGE pódense atopar os principais resultados para os distintos ámbitos xeográficos e, a nivel provincial, series de evolución con inicio en 1975.